



Efecto das plantacións de eucalipto nas comunidades de Plecópteros en regos forestais da provincia de Pontevedra

Autor: Samuel Brun Fernández

Titor: Adolfo Cordero Rivera

CURSO 2020/21

Este estudo trata de avaliar como inflúen as plantacións de eucalipto na abundancia e desenvolvemento das comunidades de plecópteros en regos forestais. Estudáronse os plecópteros de dúas categorías de rego: referencia (bosque autóctono) e plantación. Concretamente comparouse o xénero *Protonemura*, e mediuse o ancho do pronoto e a súa abundancia e proporción fronte a outros xéneros de plecóptero.

Foron amostrados 10 pares de regatos nos que:

Se mediron variables ambientais:

- Temperatura
- pH
- Condutividade
- Ancho da canle

Caudal. Para o cálculo do caudal mediuse o ancho total da canle, a profundidade e a velocidade da columna de auga cada 5-10 cm.

Se tomaron mostras de:

- Fauna bentónica
- Follarasca
- Material fino particulado en suspensión e bentónico
- Densidade de algas



A análise dos *Protonemura* dos pares 5 e 7 mostra os seguintes resultados

	Rego 5a-B	Rego 5b-B	Rego 7a-B	Rego 7b-B
Nº de <i>Protonemura</i>	106	131	56	7
Proporción de <i>Protonemura</i>	0,680	0,728	0,862	0,117
Media pronoto <i>Protonemura</i>	0,891	0,846	1,111	0,984
Varianza	0,064	0,070	0,071	0,135
Desviación estándar	0,253	0,265	0,267	0,368
Max	1,383	1,595	1,490	1,550
Min	0,397	0,260	0,350	0,740
Rango	0,986	1,335	1,140	0,810
Coeficiente de variación	0,284	0,314	0,240	0,374
Coeficiente de asimetría	-0,078	0,597	-0,766	1,210
Curtosis	-0,847	0,456	0,312	-0,806

A media na categoría referencia é lixeiramente menor. A proporción de *Protonemura* fronte a outros xéneros de plecóptero e maior excepto no rego 7b

